



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CEIP ABELENDO
Abeledo S/N 36954
MOAÑA (Pontevedra)
✉ ceip.abelendo@edu.xunta.es
☎ 886 110256 fax 886 110260

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGALES AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN de 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 29 de setembro de 2021)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar:

SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaránse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro.
3. **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría da escola. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 16 de novembro.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais e nais que non se presenten como candidatos, o día 17 de novembro, ás 14:15 horas, na sala de mestres do Centro. Dita mesa electoral estará composta pola directora, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos e alumnas matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
6. As votacións realizaránse neste Colexio Público o día **24 de novembro, de 8:45 a 09:20 e de 13:45 a 14:15** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:30 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector fará constar **só un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable, e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.

9. Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Moaña, 8 de novembro de 2018

A DIRECTORA E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: Eva Amalia Grobas Fernández